

PLAN DE CONVIVENCIA

**CEIP PARAIXAL
(VIGO)**

Plan de convivencia

CEIP PARAIXAL

1. INTRODUCCIÓN

2. DIAGNÓSTICO

2.1. Características do centro e o seu ámbito

2.2. Características da comunidade educativa

3. SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO

3.1. Comunidade educativa: Relacións

3.2. Servizos externos

3.3. Actuacións desenvolvidas e efectividade destas.

4. CONCRECCIÓN DO PLAN

4.1. Obxectivos xerais

4.2. Obxectivos específicos

5. DEREITOS E DEBERES

5.1. Dereitos e deberes das familias

5.2. Dereitos e deberes do profesorado

5.3. Dereitos e deberes do alumnado

6. NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA NO CENTRO

6.1 Fins xerais das normas de convivencia

6.2 Normas xerais de convivencia

6.3 Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

6.3.1 Aspectos xerais

6.3.2 Rexistro de condutas contrarias á convivencia escolar

6.3.3 Condutas contrarias á convivencia: Tipos

6.3.4 Corrección das condutas contrarias á convivencia

6.3.5 Procedemento para a imposición de medidas correctoras das condutas

7. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

7.1. Comisión de convivencia

7.2. Funcións/Actuacións da comisión de Convivencia

7.3. Periodicidade das reunións

8. AULA DE CONVIVENCIA

8.1 Fundamentación legal e procedemento

9. O PROCESO DE MEDIACIÓN ESCOLAR

9.1 Fundamentación legal

9.2 Formación do equipo dos mestres/as mediadores

9.3 Como é o proceso?

10. ESCOLAS DE NAIS E PAIS

11. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS FAVORECEDORES DE CONVIVENCIA

11.1 Actuacións preventivas

11.2 Actuacións conxuntas

12. DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO

12.1 Criterios de identificación do acoso escolar

12.2 Tipos de acoso escolar

12.3 Tratamento

13. NECESIDADES DE FORMACIÓN

14. ESTRATEXIAS E PROCEDEMENTOS PARA A DIFUSIÓN E SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

14.1 Difusión e seguimento

14.2 Avaliación

15. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTES AS CONDUCTAS DISRUPTIVAS E RECOLLIDA DE INCIDENCIAS

ANEXOS

ANEXO 1 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE AS CONDUCTAS DISRUPTIVAS

ANEXO 2 PARTE DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS DO PROFESORADO

ANEXO 3 PARTE DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS DO ALUMNADO

ANEXO 4 PARTE DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS: DESCRICION DOS FEITOS

ANEXO 5 ESQUEMA DO PROCEDEMENTO CORRECTOR

ANEXO 6 INFORME DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

ANEXO 7 ÍNDICE DO PROTOCOLO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

1. INTRODUCCIÓN

Dende hai uns anos estamos asistindo a un cambio social e familiar polo que se está depositando nas institucións educativas gran parte das funcións de socialización e formación dos nenos/as. Os centros educativos debemos intentar dar unha resposta a esta demanda, e por isto consideramos que é oportuno organizar todas as nosas actuacións, neste senso, ao redor dun Plan de Convivencia para o noso centro. Un plan no que o eixo central consista en aprender a convivir nunha sociedade democrática, igualitaria, unida e pacífica, e para que non teñan cabida fenómenos como o acoso escolar, o maltrato, a violencia de xénero...

É por todo isto que o Equipo Directivo do CEIP Paraixal, conforme ao establecido no título III , capítulo I , artigo 10 da lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa , o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 desta lei. Ase mesmo no capítulo II sección primeira do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve dita lei.

Integrará o principio de igualdade entre xéneros e establecerá , sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades e as directrices básicas de convivencia do centro.

O Plan de Convivencia é un documento que serve para concretar a organización e o funcionamento do centro en relación coa convivencia. Nel establécense as directrices xerais do modelo de convivencia a adoptar polo noso centro , os obxectivos específicos a acadar e as normas que o regulan e as actuacións a realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos expostos.

Recolle non só os problemas e dificultades máis frecuentes sino as expectativas e desexos de todas as persoas.

Tamén é un documento a medio prazo que require un proceso continuo de reflexión.

Seguindo a lexislación:

- Lei Orgánica 8/1985 do 3 de xullo reguladora do dereito á educación (LODE).
- Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a Mellora da Calidade. (LOMCE).
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (LOE).
- Lei 27/2005 do 30 de novembro de fomento da educación e da cultura da Paz.

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- D 8/2015 de xaneiro pola que se desenvolve a Lei 4/2001 do 30 de xuño.
- D. 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
- Instrucións do 17 de xuño de 2013 e o Protocolo Xeral do Acoso escolar e Ciberacoso da Xunta de Galicia.

Esta lexislación enmarca a elaboración e posta en práctica do Plan de Convivencia no noso centro que contempla as medidas e iniciativas propostas polo Consello Escolar e o Claustro de Profesores.

2. DIAGNÓSTICO

2.1. Características do centro e o seu ámbito

a. Situación xeográfica

O "C.E.I.P. Paraixal" esta situado na rúa do mesmo nome, no barrio de Teis no Concello de Vigo. Barrio costeiro, comprende 5,80 quilómetros cadrados, é un dos barrios máis poboados con máis de 24.000 habitantes. A causa da industrialización do século XIX, a zona está completamente integrada xa no centro urbano.

Os servicios e equipamentos da zona (5 colexios públicos de primaria, 4 colexios privados, 4 escolas infantís, 4 centros públicos de ensino medio, un Centro de Saúde, Pavillón de deportes e piscina municipais, varias Asociacións de veciños e Plan Comunitario de Teis.)

b. Infraestrutura

O centro e unha construción dos anos 70, e conta con unha liña dende segundo ciclo de E.I., ata terceiro ciclo de primaria.

Conta con dous edificios:

A) O edificio principal consta de planta baixa, primeiro e segundo andar, dispoñendo dun elevador, coa seguinte distribución:

▪ Na planta baixa:

- 2 aulas de Ed. infantil con baño incorporado.
- Aula de Pedagogía Terapéutica.
- Aula de Audición e Linguaxe.

- Conserxería.
- Baños de alumnado e profesorado.
- No primeiro andar:
 - Biblioteca.
 - Aula de Música.
 - 3 aulas de Ed. Primaria.
 - Baños.
 - Cuarto da limpeza
- No segundo andar:
 - Aula de Informática.
 - Aula de Plástica.
 - 3 aulas de Ed. Primaria.
 - Aula de idiomas.
 - Baños.

B) Edificio anexo:

Distinguimos 2 zonas:

- Zona 1:
 - Sala de persoal docente.
 - Secretaría.
 - Despacho de Dirección.
 - Almacén de material/Fotocopiadora.
 - Baño para uso de todo o persoal.
- Zona 2:
 - Despacho de Orientación.
 - Sala de titoría/Relixión.
 - Ximnasio/Pavillón de usos múltiples, con almacén para o material.
 - Comedor.
 - Baños.
 - Local da ANPA.

Ademais dos dous edificios descritos, o Centro conta cun patio cuberto e pistas deportivas con mobiliario deportivo.

c. Situación socio-económica

As características socioeconómicas e culturais da poboación do entorno (están detalladas no Proxecto Educativo) son:

- ▶ Nivel cultural, económico e social medio-baixo na maioría das familias.
- ▶ Vivendas unifamiliares.
- ▶ Actualmente a poboación está formada na súa maioría por traballadoras e traballadores por conta allea.

En xeral, as familias interésanse pola educación dos seus fillos/filias. Existe distinta tipoloxía de familias e por conseguinte de alumnado, algún do cal precisa atención específica. Aumenta a porcentaxe de alumnado inmigrante, así coma doutros barrios fóra do barrio de Teis.

A relación coa ANPA co Centro é de colaboración.

2.2. Características da comunidade educativa

a) Profesorado e persoal non docente

O equipo do profesorado é de 10 docentes, incluíndo o persoal das especialidades de relixión, AL, PT e orientación que son itinerantes.

O centro tamén conta con persoal non docente de limpeza, comedor e portería.

b) Familias

Neste centro existe unha alta porcentaxe de familias con problemas de conciliación por motivos laborais, o que leva consigo necesidades de aumento de horario de permanencia no centro, polo que se fan necesarios os servizos de comedor, plan madruga e actividades extraescolares.

c) Alumnado

Nos últimos cursos académicos incorporouse ao noso centro alumnado estranxeiro.

Practicamente non hai absentismo escolar, non obstante lévase un control e seguimento rigoroso das faltas.

3. SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO

3.1 Comunidade educativa: Relacións

O centro conta con alumnado dende Educación Infantil 4º ata 6º de Primaria. No referente as relacións de convivencia que se dan no noso centro, podemos dicir:

O clima actual da convivencia no noso centro é bo e satisfactorio.

- Entre iguais, alumnado: boas relacións con insultos e pequenos conflitos.
- Profesorado –alumnado: boa relación.
- Profesorado – familias - ANPA: boa relación.
- Profesorado -profesorado e persoal non docente: boas relacións .

Os tipos de conflitos máis frecuentes son:

- Distracción e falta de atención.
- Disrupción na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar entre o alumnado...
- Esquecemento dos materiais para o desenvolvemento das clases.
- Conflitos e perda de respecto entre iguais durante o recreo e na aula.
- Falta de respecto ás veces entre iguais.
- Desobediencia ás ordes educativas-formativas.

As súas causas son:

- Falta de atención.
- Dificultades de aprendizaxe.
- Falta de colaboración e/ou implicación por parte das familias, en casos puntuais.
- Impulsividade, escasa reflexión.
- Falta dun referente de autoridade.
- Trastornos de conduta.

3.2 Servicios externos

Dende o centro educativo coordinámonos en contacto con todos os servicios externos ao propio centro que resultan esenciais para o desenvolvemento do plan de convivencia do centro: Plan Comunitario de Teis, Servicios Sociais, CEE, Centros de Saúde e Concello de Vigo.

3.3 Actuacións desenvolvidas e efectividade destas.

O enfoque da convivencia no centro expónse dende unha perspectiva educativa, construtiva e sempre en positivo baseándose as actuacións nos seguintes principios:

- Prevención.
- Resolución pacífica e positiva dos conflitos.
- Canles de diálogo e comunicación entre persoal implicado no conflito.

- Reflexión, empatía e toma de conciencia polas partes implicadas.

No centro realízanse unha serie de actuacións que favorecen a convivencia tales como:

-O programa de acollida do alumnado de novo ingreso xa que favorece a adaptación e integración ao centro dende antes de comezar, incluído no PXAD.

-Información sobre as NOFC que se realiza nas titorías e a través do plan de acción tutorial que nos permite traballar sobre os dereitos e deberes, a adquisición de habilidades sociais que repercuten positivamente na resolución pacífica de conflitos e fomento dos valores, a tolerancia, respecto entre compañeiros da comunidade educativa.

-Consideramos moi positivo a realización de plans individuais de modificación de conduta e seguimento para aquel alumnado que altera a dinámica da clase a través de actividades facilitadoras da convivencia, incluídas no PXAD e contando co asesoramento do dto. de orientación.

4. CONCRECIÓN DO PLAN

4.1. Obxectivos Xerais.

Seguindo o Artigo 12 do D. 8/2015:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade de xénero.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de sexo-xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

4.2. Específicos

Queremos que o noso plan de Convivencia converta o centro nun espazo para aprendizaxe da resolución pacífica dos conflitos e da convivencia democrática.

- Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (Alumnado – familias – profesorado)
- Lograr un clima de convivencia baseado no respecto e comunicación entre os diversos axentes da nosa comunidade.
- Fomentar as interrelacións persoais a través da participación en actividades grupais e cooperativas.
- Favorecer a autonomía persoal a través de hábitos de hixiene, alimentación e saúde.
- Establecer normas claras e sinxelas comprendidas e aceptadas por toda a comunidade.
- Asumir que a educación é unha tarefa de toda a comunidade educativa, entre alumnado, profesorado, familias, etc.
- Establecer protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia.
- Fomentar actitudes de tolerancia e respecto.
- Rexeitar as manifestacións de violencia, agresión ou inxustiza que poidamos detectar e axudar no caso de que sexa necesario.

5. DEREITOS E DEBERES

Baseados nos artigos 6 e 8 da Lei 4/2011, e tamén recollidos no NOFC do centro.

Terase en conta os seguintes aspectos para a convivencia do Centro.

- Correcto desenvolvemento das actividades académicas.
- Respecto entre todos os membros da Comunidade Educativa.
- Bo uso das dependencias e instalacións do Centro.

5.1. Dereitos e deberes das familias

En relación co centro:

- Coñecer o Proxecto Educativo do Centro (PE) e observar as normas contidas no mesmo e nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC).
- Atender ás citacións do centro e acudir a este cando se lle require, tanto individual como colectivamente.
- Gardar no Centro un comportamento axeitado.
- Notificar os cambios de residencia e de teléfonos.
- Repoñer ou aboar o importe dos danos ocasionados por o seu/súa fillo/a no material ou nas instalacións do Centro por un uso inadecuado.

En relación co profesorado

- Colaborar co profesorado na educación dos seus/súas fillos/as, atendendo as súas indicacións e axudando á corrección de actitudes de indisciplina.
- Chegar a acordos co profesorado e titoras/es dos seus/súas fillos/as sobre aspectos fundamentais da súa Educación (atención ao estudio, 'alimentación, sono, descanso, etc.)
- Facilitar ao titor/a información, sobre aspectos relativos a educación dos seus/súas fillos/as.
- Non desautorizar a acción do profesorado en presenza do alumnado.
- Participar voluntariamente co profesorado na programación de aquelas actividades para as que se solicite a súa axuda.
- En caso de separación xudicial da familia, xustificar a quen corresponda a garda e custodia dos/das fillos/as.

En relación cos seus/súas fillos/as.

- Facilitar ao seu/súa fillo/a cantos medios sexan necesarios para levar a cabo as tarefas e actividades que lle indique o profesorado.
- Facilitar o cumprimento das obrigas do alumnado respecto á escola: estudio, puntualidade, orde, aseo, etc...
- Xustificar as ausencias e atrasos do alumnado durante o horario escolar.
- Recoller persoalmente ou mediante persoa autorizada ao alumnado que non usen transporte.
- Recoller persoalmente ou mediante persoa autorizada o alumnado que teña que ausentarse do centro durante o horario escolar.
- Estimular ao seu/súa fillo/a no respecto ás normas de convivencia do centro como elemento que contribúe á súa formación.

5.2. Dereitos e deberes do profesorado.

En relación consigo mesmo

- Asistir as súas clases con puntualidade e ás reunións para as que fose convocado.
- Vixiar ao alumnado nos recreos, sendo puntual no cumprimento do horario e quendas establecidas.
- Velar puntualmente pola necesaria orde do Centro, coidando de que o alumnado permanezan no lugar que lles corresponde segundo o seu horario e non permitindo que permanezan nos corredores durante as horas de clase.

En relación co alumnado

- Non realizar distincións entre o seu alumnado, nin adoptar comportamentos discriminatorios por razón de raza, sexo-xénero ou relixión.
- Preocuparse polas condicións que inflúen no proceso educativo do alumnado.
- Individualizar dentro do posible o ensino, acomodándose aos coñecementos e características individuais do alumnado.
- Atender á diversidade do seu alumnado, dentro das súas posibilidades, poñendo en marcha os mecanismos legais axeitados: reforzos, adaptacións curriculares, agrupamentos flexíbeis e flexibilizacións.
- Velar polo cumprimento do normal desenvolvemento das actividades docentes e non docentes.

En relación ao Centro

- Ser responsábel do alumnado dende a entrada ata a saída do recinto escolar.
- Informar as/os titoras/es das incidencias que acontezan no seu grupo e controlar a asistencia a clase do alumnado no parte de faltas da aula.
- Cooperar no mantemento e bo uso do material e instalacións do centro.
- Colaborar co profesorado de garda e Xefatura de Estudos no mantemento da orde necesaria para o bo funcionamento do Centro.
- Cubrir os datos en XADE nos períodos establecidos.

En relación coas familias

- Manter contactos periódicos coas familias e responsábeis legais do alumnado, dentro do horario previsto para este fin.

- Contactar coas familias e responsábeis legais do alumnado en caso de que o seu/súa fillo/a se puxese enfermo/a ou sufrise algún accidente durante o horario lectivo.
- Recibir a visita das familias cando o soliciten, cumprindo os horarios e normas establecidas para o caso.

5.3. Dereitos e deberes do alumnado.

Referentes ao seu comportamento

- Asistir puntualmente ás actividades escolares.
- Circular por corredores e escaleiras de xeito correcto.
- Manter a orde e o silencio nas entradas e saídas ás clases, tanto á entrada e saída de: xornada escolar, recreo ou outra actividade que implique mobilidade polo Centro.
- Achegar ás clases os libros e o material escolar que sexan precisos.
- Non levar ao colexio o teléfono móbil dado que o seu uso por parte do alumnado está totalmente prohibido, salvo autorización expresa para uso didáctico.

Responsabilizarse dos encargos que se lle encomenden.

- Entregar os xustificantes das faltas de asistencia formulados polas súas familias.
- Entregar ás súas familias as follas informativas, comunicacións etc... que lle faciliten dende o centro.
- Utilizar un vocabulario correcto.
- Acudir aos servizos hixiénicos nos casos de verdadeira necesidade.

Referentes as/os iguais

- Non agredir, insultar, nin humillar ao resto do alumnado no centro.
- Respetar todas as pertenzas dos demais.
- Non perturbar a marcha das clases.
- Colaborar co resto do alumnado en actividades escolares.
- Evitar os xogos violentos.
- Respetar o exercicio do dereito ao estudio e ao traballo do resto do alumnado.

Referentes ao profesorado

- Manter un trato respectuoso co profesorado e persoal ao servizo do centro.
- Colaborar para esclarecer as cuestións que se formulen na vida do centro.
- Realizar as tarefas e actividades que se lles asignen.

Referentes ao Centro

- Facer un bo uso do edificio, instalacións, mobiliario e material escolar.
- Durante as horas de clase o alumnado non poderá permanecer nos corredores e durante o tempo do recreo, o alumnado permanecerán no patio.
- Comportaranse correctamente tanto de forma individual como en situacións colectivas, cooperando ao bo desenvolvemento destas.
- Coidar de que as aulas, corredores e servizos se manteñan limpos e ordenados.
- Participar de acordo coa súa idade, na organización do Centro.
- Non se ausentar do Centro sen coñecemento do profesorado responsable en cada momento
- Vir ao Centro correctamente e debidamente aseados.

6. NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA NO CENTRO

6.1 Fins xerais das normas de convivencia

1. A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no seu posto escolar.
2. A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre os xéneros e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
3. A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar.
4. A corresponsabilidade das nais e pais ou dos/as responsábeis legais no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus/súas fillos/as.
5. Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
6. Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

6.2 Normas xerais de convivencia

HABILIDADES SOCIAIS	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Saudar e despedirse ao chegar e ao marchar respectivamente. ➤ Utilizar normas de cortesía tales como: grazas, por favor, poderías... ➤ Pedir desculpas cando sexa necesario ➤ Evitar xestos inadecuados tales como: tusir sen por a man diante, furgarse o nariz, cuspir, estirarse, bocexar de forma irrespectuosa...
----------------------------	---

RESPECTO AOS DEMAIS	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Contestar ao profesorado e resto do alumnado de xeito respectuoso, sen facer xestos ofensivos nin de burla. ➤ Non insultar nin falar despectivamente das/os demais. ➤ Solucionar os conflitos mediante o diálogo sen xestos nin accións violentas. ➤ Non molestar ao resto do alumnado con accións, palabras ou xestos. ➤ Obedecer ao profesorado.
----------------------------	--

NORMAS DE AULA	<ul style="list-style-type: none"> ➤ escoitar con atención cando fala alguén, profesorado ou igual. ➤ Non interromper as explicacións do profesorado ou iguais. ➤ Falar sen berrar. ➤ Levantar a man para falar e respectar o quenda de palabra. ➤ Sentarse correctamente na cadeira sen molestar ao resto do alumnado. ➤ Saír da clase só co permiso do profesorado. ➤ Non mastigar goma de mascar nin comer na clase sen autorización. ➤ Cooperar e axudar nas tarefas da clase. ➤ Compartir o material cando sexa necesario. ➤ Coidar o material xa sexa propio, do resto do alumnado ou da escola. ➤ Manter limpo e ordenado o material propio, da aula e do centro. ➤ Traer a clase libros, cadernos e outros materiais que se necesiten, non se poderán levar obxectos nin materiais que non sexan de uso escolar, tales coma obxectos punzantes ou xoguetes. ➤ Non arrastrar mesas nin cadeiras innecesariamente. ➤ Deixar as luces apagadas cando se sae da clase
-----------------------	---

Outras normas	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Facer as entradas, saídas e cambios de clase de xeito silencioso e ordenado. ➤ Non entrar nas aulas sen o permiso do profesorado antes do comezo das clases e durante o recreo. ➤ Deixar os xogos e ir ás filas cando toque o timbre. ➤ Non correr nin saltar polos corredores e escaleiras. ➤ Manter o patio limpo usando as papeleiras. ➤ Asistir ao colexio respectando hábitos hixiénicos básicos. ➤ Traer roupa adecuada ás clases. ➤ Non ter na clase a cabeza, mans e boca cubertas (gorras, luvas, ...), salvo causas
----------------------	--

	médicas xustificadas. ➤ Aproveitar o recreo para ir ao baño, durante as clases só irán casos excepcionais
--	--

6.3. Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

Segundo o establecido no artigo 12 da Lei de convivencia:

-Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

-Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten ao resto do alumnado ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.

-As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación da Lei 4/2011.

6.3.1 Aspectos xerais

Segundo se recolle no artigo 18 da Lei 4/2011 de Convivencia as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro.

En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

- a) O alumnado non poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
- b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- c) A imposición das correccións previstas respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios

sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou responsábeis legais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

- *Atenuantes a ter en conta nas condutas:* recoñecemento espontáneo da falta cometida e a falta de intencionalidade.
- *Agravantes:* premeditación e reiteración, causar dano, inxuria ou ofensa ao alumnado de menor idade e/ou de nova incorporación.

6.3.2 Rexistro de condutas contrarias á convivencia escolar.

O/A director/a coma presidente/a da comisión de convivencia disporá dun Rexistro de condutas graves onde se rexistrarán todas aquelas condutas contrarias ás normas de convivencia que mostre o alumnado tanto na aula como noutras instalacións do centro.

Facendo un parte de incidencias anotarase as condutas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro, así como unha reiteración (3 faltas nun mes) de condutas contrarias ás normas de convivencia que aparezan no rexistro de condutas. O parte de incidencias cubrirá o profesorado responsábel e levará a sinatura do alumnado afectado, quedando constancia da conduta e da súa aceptación por parte do alumnado afectado.

A duración deste rexistro terá validez dun ano académico debendo ser destruído ao rematar o curso.

Actuación no centro:

De acordo co marco legal vixente, hai un mes para poder sancionar unha conducta contraria ás normas de convivencia (en caso de que a falta sexa resultado de acumulación de faltas, a data que se toma como referencia é a da última falta cometida do total de faltas acumuladas).

En caso de reincidencia (acumulación de sancións) nas nosas normas, establécense períodos de tempo, un mes. Ao cabo de 10 ou de 15 días prescriben as faltas acumuladas neses períodos de tempo. Non obstante, cando o caso o requira ou se o solicita o profesorado implicado será de aplicación o establecido a este respecto nas normas legislativas de rango superior.

Según a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa:

Artigo 17. Prescrición das condutas contrarias á convivencia.

1. As condutas gravemente perxudiciais para a convivencia nos centros docentes

tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do alumnado interesado, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

Artigo 24. Prescrición das medidas correctoras.

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

6.3.3 Condutas contrarias á convivencia: Tipos

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia.

- **Condutas leves contrarias á convivencia:**

- a. A falta de normas elementais de educación (tacos, frases malsoantes, blasfemias...; insultos, motes, agresións verbais...; berros, xestos ofensivos...; non utilización intencionada de normas de cortesía; interrupcións constantes do uso da palabra de persoas da comunidade)
- b. As disputas entre alumnado, dentro ou fóra do recinto escolar (agresións leves de palabra ou físicas, imposición de ideas propias...).
- c. A falta de atención ás instrucións do profesorado no desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe (molestar na aula, negativa a realizar actividades de aula ou complementarias; non traer sen xustificación o material preciso; entorpecer a marcha normal da clase...).
- d. A falta inxustificada de puntualidade na asistencia ás clases e a reiteración na asistencia a clase sen o material e equipamento preciso para a participación no desenvolvemento normal da clase.
- e. A falta de hixiene persoal, previa advertencia.

- f. A falta de orde nos desprazamentos polo colexio (carreiras, empuxóns, berros, deslizarse polo pasamán das escaleiras...)
- g. A falta de hixiene no depósito do lixo (tirar desperdicios ou papeis no chan do colexio, no patio ou nos contedores onde non corresponda).
- h. Traer ao colexio obxectos de uso non escolar e que pode perturbar o normal desenvolvemento da actividade escolar (obxectos punzantes, xoguetes bélicos, móbiles e outros aparatos electrónicos...).
- i. O incumprimento doutras normas de organización interna, que poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades do centro escolar.
- j. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou das persoas membras membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia. Este tipo de condutas prescriben ao mes desde a súa comisión. Non comezará a contar mentres non cesen.

- **Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:**

- a. Cinco faltas leves constitúen unha falta gravemente prexudicial.
- b. O roubo ou o deterioro intencionado do material do centro escolar, das súas dependencias ou do resto do alumnado
- c. Saír do recinto escolar sen permiso.
- d. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves as ameazas e as coaccións contra persoas da comunidade educativa.
- e. Os actos de discriminación grave contra persoas comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo-xenero, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- f. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e falsificación ou substracción de documentos académicos.
- g. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro escolar.
- h. As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade de persoas da comunidade educativa do Centro, ou a incitación ás mesmas.
- i. O incumprimento das sancións impostas.
- j. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao

persoal non docente que constitúan unha indisciplina grave.

k. A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe de persoas da comunidade educativa.

l. As actuacións que constitúan acoso escolar.

m. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade de persoas da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

n. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade de persoas da comunidade educativa.

ñ. Este tipo de condutas prescriben aos catro meses desde a súa comisión. Non comezará a contar mentres non cesen. Dita prescripción quedará interrumpida cando se inicie o correspondente expediente disciplinario.

6.3.4 Corrección das condutas contrarias á convivencia

CONDUTAS CONTRARIAS	CORRECCIÓNS	ÓRGANO COMPETENTE	REQUERIMENTOS
Levemente prexudiciais	Amoestación privada ou por escrito.	O/A titor/a do alumno/a. Calquera parte do profesorado implicado co coñecemento do responsábel do alumnado implicado no centro A/O director/a	Escoitar ao alumnado.
	Comparecencia inmediata ante a/o director/a	O titor do alumno/a. O profesorado do alumnado implicado A/O director/a	Escoitar ao alumnado. Dar conta a/o director/a
	Privación do tempo de recreo.	O titor do alumno/a. O profesorado do alumnado implicado A/O director/a	Escoitar ao alumnado.
	Realización, en horario lectivo ou non lectivo, de traballos específicos.	O titor/a do alumno/a. A/O director/a	Escoitar previamente ao alumnado, o/a titor/a do alumno/a, o profesorado implicado ou ás persoas implicadas, incluída a representación familiar do alumnado implicado
	Cambio de grupo o alumnado implicado polo prazo máximo dunha semana.	A/O director/a	Escoitar previamente ao alumnado, o/a titor/a do alumno/a, o profesorado implicado ou ás persoas implicadas, incluída a representación familiar do alumnado implicado. Comunicación por escrito ás familias do alumnado implicado. Poñer por escrito no Rexistro de Condutas Contrarias á Convivencia.
	Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares e complementarias polo tempo máximo de dúas semanas.	A/O director/a	Escoitar previamente ao alumnado, o/a titor/a do alumno/a, o profesorado implicado ou ás persoas implicadas, incluída a representación familiar do alumnado implicado. Comunicación por escrito ás familias do alumnado implicado. Poñer por escrito no Rexistro de Condutas Contrarias á Convivencia.
	Suspensión do dereito a asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos.	A/O director/a	Escoitar previamente ao alumnado, o/a titor/a do alumno/a, o profesorado implicado ou ás persoas implicadas, incluída a representación familiar do menor.(alumnado implicado). Comunicación por escrito ás familias do neno/a. (do alumnado implicado) Poñer por escrito no Rexistro de Condutas Contrarias á Convivencia.
	Suspensión do dereito a asistencia a clase por un período de ata tres días.	o Director. (a/o director/a)	Escoitar previamente ao alumnado, o/a titor/a do alumno/a, o profesorado implicado ou ás persoas implicadas, incluída a representación familiar do alumnado implicado). Comunicación por escrito ás familias do alumnado implicado Poñer por escrito no Rexistro de Condutas Contrarias á Convivencia.

Gravemente prexudiciais	Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.	A/O director/a Instructor/a do expediente. Consello Escolar.	Incoación de expediente disciplinario por parte da dirección por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou logo da denuncia persoal da comunidade educativa. A incoación do procedemento notificarase á familia ou responsábeis legais do alumnado implicado, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarse á inspección educativa. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do persoal instructor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo do alumnado implicado ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais familia ou responsábeis legais do alumnado implicado. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia ao alumnado implicado e a familia ou responsábeis legais do alumnado implicado, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais. Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta do alumnado implicado e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos. A resolución notificarase a familia ou responsábeis legais do alumnado implicado, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarse á inspección educativa. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
	Suspensión do dereito de participación en actividades	Ó mesmo que no anterior.	Ó mesmo que no anterior.

	extraescolares ou complementarias (comedor), entre dúas semanas e un mes.		
	Cambio de grupo	Ó mesmo que no anterior.	Ó mesmo que no anterior.
	Suspensión do dereito de asistencia ao centro escolar por un prazo máximo de entre catro días lectivos e dúas semanas.	Ó mesmo que no anterior.	Ó mesmo que no anterior.
	Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período comprendido entre os catro días lectivos e un mes.	Ó mesmo que no anterior.	Ó mesmo que no anterior.
	Cambio de centro.	Ó mesmo que no anterior.	1. O Colexio deberá dispor dun procedemento conciliado para a resolución de conflitos e constar neste mesmo NOFC. Terá carácter voluntario e esixirá o cumprimento das accións reparadoras 2. O inicio da conciliación suspende o inicio do expediente disciplinario, que se retomará no caso de que a acción conciliatoria resulte infrutuosa. 3. O procedemento será por escrito con o persoal de instrucción ou persoa mediadora.

CONCILIACIÓN	<p>1. O Colexio deberá dispor dun procedemento conciliado para a resolución de conflitos e constar neste mesmo NOFC. Terá carácter voluntario e esixirá o cumprimento das accións reparadoras</p> <p>2. O inicio da conciliación suspende o inicio do expediente disciplinario, que se retomará no caso de que a acción conciliatoria resulte infrutuosa.</p> <p>3. O procedemento será por escrito con con o persoal de instrucción ou persoa mediadora.</p>
---------------------	---

6.3.5. PROCEDIMENTOS PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS, PRESCRICIÓN DAS MESMAS E ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN (ANEXO 5)

- **PROCEDIMENTO CONCILIADO**

Regulado no artigo 49 do Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumnado corrixido e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

Poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

- a) Que o alumnado responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea **disposto** a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
- b) No caso de que haxa persoal da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

Non procederá nos seguintes casos:

- a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
- b) Cando a persoa agraviada ou as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
- c) Cando o alumando autor da conducta ou as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
- d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, co mesmo alumnado, para corrixir unha conduta semellante.

A **opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento** disciplinario común de corrección da conduta, **que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa**. O **cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento** de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.

As **persoas participantes** no procedemento deberán **acordar a medida correctora** que consideren máis adecuada para a conduta do alumnado. **Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas** por parte do alumando

autor da conduta e da persoa agraviada ou, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste. O acordo consensuado polas partes será **ratificado** pola dirección do centro. A **petición de desculpas** por parte do **alumnado será tida en conta** como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, **á hora de determinar a medida correctora** que se vaia adoptar.

O incumprimento por parte do alumnado das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que **non** se logre o **acordo**, continuarase a corrección polo **procedemento común** desenvolvido conforme o previsto no artigo 53 do decreto 8/2015.

- **PROCEDEMENTO CONCILIADO PARA AS MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVES**

a) **Explicación oral dos feitos** por parte das alumnas/os ao titor/a, profesorado implicado oído o/a director/a.

b) **Nomeamento dunha persoa instrutora por parte da dirección.**

c) **Convocatoria da dirección do centro á reunión de conciliación entre familias ou representantes legais, director/a, profesorado instructor.**

d) **A persoa instrutora propondrá as medidas reeducadoras a adoptar**, que poden ser:

- **Reparación dos danos causados**, de ser o caso (artigo 35.1 Decreto 8/2015: *O alumnado está obrigado a reparar os danos que causase, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente*).

- **Suspensión do recreo durante unha semana realizando as seguintes tarefas:**

Relato escrito dos feitos por separado; relato escrito de accións que puidesen evitar chegar a esa situación; redacción de cartas pedindo desculpas ás partes afectadas; realización de traballos en grupo como a elaboración dun cartel coas normas de convivencia para esa situación ou realizar un pacto de respecto; relato conxunto dos feitos consensuadamente.

e) **A dirección do centro levará a cabo a notificación as familias con indicación da conduta que o motiva, e as medidas reeducadoras que correspondan.**

- f) En calquera momento poderase solicitar o **asesoramento do Departamento de Orientación**.
- e) **No caso de que a conciliación sexa infrutuosa ou as condutas sexan moi graves, iniciárase o procedemento disciplinario.**

- **PROCEDEMENTO COMÚN**

PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO PARA AS MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVES (Art.25 da Lei 4/2011 e art 52, 53 do Decreto 8/2015)

- a) **Incoación do procedemento por parte do director/a** do centro, por iniciativa propia, por petición do profesorado, do titor/a do alumnado.
- b) **Tramitación do procedemento disciplinario**, de xeito que os profesorado, a familia, o consello escolar e o inspector/a de educación poidan coñecer o sucedido e as sancións impostas. A instrución dun expediente disciplinario rexeráse polo disposto na lei, coas seguintes aclaracións:
 - 1. Será **instruído por un mestre/a** do centro, designado polo director/a, que non pertenza ao Consello Escolar e **que non estea implicado nos feitos**.
 - 2. A ser posible que non sexa mestre/a do alumno/a.
 - 3. De todo elo farase **comunicación ás familias e á Inspección Educativa**.
- c) **Notificación** as familias ou titor/a, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que correspondan e o nome do profesorado instructor. Así mesmo, comunicárase **á Inspección Educativa**.
- d) Durante o procedemento, o director/a pode adoptar como **medidas provisionais** o cambio temporal de grupo ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un **período non superior a cinco días lectivos, notificando aos pais**.
- e) Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de **resolución e dará audiencia** as familias, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderá acceder a todo o actuado e da cal **se levantará acta**.
- f) Realizado o trámite de audiencia, **a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada** que se pronunciará sobre a conduta do alumno/a e impondrá, se é o caso, a **correspondente corrección**, así como a obriga de reparar os danos producidos.

A resolución notificarase as familias, **nun prazo máximo de doce días lectivos** desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicárase á inspección educativa.

- g) A **resolución do director/a pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva**. Contra a resolución cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Aspectos formais do procedemento disciplinario para as medidas correctoras das condutas graves:

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán **formalizarse por escrito**, logo da tramitación dos procedementos de corrección.

2. O **documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase**, agás proba en contrario, **acreditación suficiente dos mesmos e polo tanto contará coa presunción de veracidade** segundo o establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa e **deberá conter como mínimo os seguintes datos :**

- a) **Lugar, data e hora** da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- b) **Descrición da acción ou omisión** que determina a incoación do procedemento.
- c) **A norma que se estime infrinxida**, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- d) **Nome, apelido, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno**, incurso no procedemento, tamén os **datos identificativos dos/as seus/suas proxenitores/as** ou representantes legais.
- e) De ser o caso, **identificación das persoas que** presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar **datos de interese** para a comprobación dos feitos.
- f) **Identificación e sinatura do profesor/a que elabore o documento.**

3. A **incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal** da alumna ou do alumno, **con indicación da conduta** que o motiva, as **correccións** que puidesen corresponder, e o **nome do profesorado instrutor**. Así mesmo, **comunicarase á Inspección Educativa**.

4. As **citacións** ás alumnas ou aos **alumnos** e tamén as familias ou representantes legais, realizaranse **por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.**

5. **A non comparecencia sen causa xustificada** das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, as familias ou representantes legais, **ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.**

6. **As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou tutores** legais do alumnado menor de idade **nos procedementos son obrigatorias** para elas e eles, a **súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.**

7. **A resolución do procedemento notificarase á nai ou pai,** titora ou titor legal da alumna ou do alumno, nun prazo máximo de **doce días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos** que deron lugar á incoación do procedemento, **comunicándose igualmente á Inspección Educativa.**

7. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia constitúese dentro do consello escolar do centro e terá carácter consultivo. Desempeña as súas funcións por delegación do consello escolar e para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignada en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do plan de convivencia e das normas do noso centro. Será quen dinamice, revise e actualice o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxestións de todos os sectores da Comunidade Educativa.

O réxime de funcionamento, composición e desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia do centro concretaranse no plan de convivencia, de conformidade co establecido no D 8/2015 de xaneiro pola que se desenvolve a Lei 4/2001 do 30 de xuño.

7.1. Composición

O artigo 6 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar regula Comisión de convivencia. Esta comisión ten carácter

consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar ten asignadas o Consello Escolar. Está composta por:

Director/a: (correspóndelle a presidencia).

Un/ha mestre/a.

Representante das familias.

Se procede, titor/a relacionado co tema a tratar en cada sesión.

A comisión de convivencia poderá solicitar o asesoramento do dto. de orientación.

7.2 Funcións/Actuacións da comisión de convivencia

- Elaborar o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión, función que será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída, que será aprobado polo consello escolar do centro, tal como se recolle no artigo 10 da L. 4/2011
- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan de normas de convivencia
- Elevar ao consello escolar de cada centro e recoller na memoria anual da comisión de convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.
- Funcións, por delegación do consello escolar (art.6 D. 8/2015):
 - *Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia do centro
 - * Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todo o persoal da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
 - * Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todo o persoal da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
 - *Propor, de ser o caso, a/ao director/a do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
 - * Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
 - * Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

* Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia: este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.

* Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro ou o órgano da Administración educativa con competencias na materia.

7.3 Periodicidade das reunións.

A Comisión de Convivencia terá como mínimo tres xuntanzas de carácter ordinario, unha por trimestre.

Con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocada por a súa presidencia por iniciativa propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

8. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

8.1 Fundamentación legal e procedemento

O artigo 25 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar regula a aula de convivencia inclusiva. Nel no seu punto 1 establece: “O réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ó centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación a súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.”.

Teremos en conta que a aula de convivencia non é un lugar onde vaian as/os castigadas/os ou de almacenaxe de alumnas/os.

O número máximo de veces que pode ser derivado un/ha alumno/a á Aula de Convivencia é de unha (ou dúas veces de maneira excepcional) por trimestre.

O número máximo de días será o mesmo que o establecido para a expulsión para casa, é dicir, entre 4 días e 2 semanas.

O número máximo de **alumnas/os** que poden ser atendidos simultaneamente na aula será de dous.

Resumo do Procedemento:

Fases	Actividades	Responsable
1. Entrevista coa Dirección. 2. Derivación Aula de Convivencia se a familia e alumno/a se comprometen	A. Compromiso. B. Folla de seguimento. C. Impreso de análise e reflexión I ou II (si é a segunda vez). O/A alumno/a o cumprimentará coa axuda do mestre/a que estea con el na aula e o traerá asinado pola familia.	Dirección Orientador/a ou Titor/a. Decidirán que actividades debe realizar para reflexionar e mellorar a súa conduta e actitude, relacionadas coa falta cometida.
1.Asistencia a aula de convivencia	1. Lectura e reflexión co mestre/a de garda sobre o reflectido no "Impreso de Reflexión e Análise". 2. Actividades Didácticas. 3. Actividades Didácticas. Recreo: Algunha actividade favorecedora da convivencia. 4. Actividade Didáctica. 5. Actividade Didáctica ou de reflexión.	Mestre/a de Garda
3. Entrevista Titor/a, Dirección e/ou Orientador/a.	Análise da folla de seguimento.	Dirección, Titor/a, Orientador/a.

O espazo dedicado á Aula de Convivencia será a aula do dto. de orientación.

9. O PROCESO DE MEDIACIÓN ESCOLAR

9.1 Fundamentación legal

O proceso de mediación ven regulado no artigo 26 do Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Neste artigo defínese o proceso de mediación como unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

O proceso de mediación pode empregarse como estratexia preventiva na xestión de conflitos entre membros da comunidade educativa, se deriven ou non de condutas contrarias ou gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.

O persoal mediador ou equipo mediador non resolve o problema, senón que axuda a que as partes en conflito o fagan ao facilitar a comunicación, formular suxestións e eliminar os diversos obstáculos que poidan existir para a negociación directa. A decisión final sempre debe ser adoptada polas partes en conflito.

9.2 Formación do equipo dos mestres/as mediadores

Intervirán non conflitos onde o alumnado non pertenza a súa titoría de forma que poida

sentirse o máis imparcial e cubrirá a súas funcións como persoal mediador tendo en conta o proceso mesmo.

O equipo de profesorado mediador estará formado por:

- Orientador/a e/ou DO
- profesorado voluntario
- profesorado que estean presentes cando se produza o conflito

Como regra xeral, o persoal mediador dun conflito entre dous/duas alumnos/as da mesma clase, será o/a titor/a da mesma. El/ela é quen mellor coñece a realidade da súa aula e o seu alumnado. Non obstante, cando o conflito xurda no transcurso dunha clase impartida por un profesorado especialista distinto do titor/a, será este/a quen actúe como mediador/a, pois terá coñecemento do conflito, de primeira man. Calquera persoa pertencente ao do claustro pode ser mediadora.

Dado que temos alumnado moi novo, consideramos que, nestas idades, o alumnado non ten a madurez necesaria para realizar a mediación.

O espazo empregado para realizar a mediación escolar será a aula de convivencia. Non serán obxecto de mediación aqueles conflitos debidos a faltas graves ou delitos; conflitos que encerren problemáticas que requiran tratamento terapéutico nin conflitos que merezan unha resposta xeneralizada.

O compromiso constará por escrito nun caderno/documento na Aula de convivencia que servirá para a súa posterior revisión, na axenda de mediación. Estes acordos serán comunicados ó/a titor/a, á familia e a Comisión de Convivencia.

9.3 Como é o proceso?

- Xorde un conflito, Decídese solucionalo polas boas. Falase co persoal mediador. Acordase o momento para facelo.
- *Fases:*

Os/As mediadores/as escoitan a cada persoa individualmente. Logo se reúnen na aula de convivencia (ENTRADA) e explican as normas para que a mediación funcione (poden estar un ou dous/duas mediadores/as). Unha vez aceptadas as normas, se procede a explicar o conflito (CÓNTAME). Cada parte terá o tempo suficiente para explicarse. Na seguinte fase (ACLARAR) utilizaranse as ferramentas do parafraseo, resume, reflectir etc. para concretar o sucedido, identificar intereses e expresar sentimentos. Búscanse solucións alternativas (PROPOSTAS DE SOLUCIÓNNS). Promóvese a empatía, a cooperación e a creatividade. Chegase a un acordo (ACORDO) onde este debe ser

concreto e avaliabile deixando a un lado “intencións” (non serán válidos os que se redacten “intentarei que...” e teña, no posible un efecto reparador.

- Os pactos se levan á práctica. Se revisan e valoran os resultados. Péchase a mediación.

9. ESCOLAS DE NAIS E PAIS

Que entendemos por *Escola de nais e pais*?

É un espazo de aprendizaxe onde o intercambio de experiencias e a reflexión colectiva se converten en ferramentas que permiten mellorar os recursos educativos. As Escolas de nais e pais son espazos de información, formación e reflexión dirixidos a pais e nais, familiares e docentes que se encargan da educación do noso alumnado.

No noso centro, a través de charlas impartidas por profesionais do Concello en materia educativa ou do Plan Comunitario e dirixidas ás familias, tentamos poñer en común diferentes puntos de vista sobre temas de interese educativo: *igualdade de xénero, prevención de drogas, normas e límites, resolución pacífica de conflitos, uso seguro da internet, etc.* Cada curso escolar concretaranse o número e o tema das charlas que se van impartir.

11. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS FAVORECEDORES DA CONVIVENCIA

11.1 Actuacións preventivas.

Dende o centro como medidas preventivas traballaremos unha serie de contidos que consideramos fundamentais. Así mesmo, serán os/as titores/as mediante a acción tutorial e gracias ao contacto co alumnado e regular relación coas familias, as/os encargadas/os de adoptar as medidas educativas necesarias para previr conflitos

Incorporar o currículo da Educación Primaria para a Convivencia

Traballar dentro dos contidos os relacionados con:

1. Competencias persoais (Programa de habilidades sociais).

- Habilidades persoais: Autoconcepto, autoestima, autonomía, autorregulación.
- Habilidades interpersoais e sociais: asertividade, escolta activa, trato respectuoso, toma de decisións, sentido crítico, compromiso,...

2. Promoción dos dereitos humanos:

- Dereitos humanos e situacións de inxustiza, discriminación, opresión, violencia, exclusión,...

- Valores democráticos: igualdade, liberdade, participación, solidariedade, xustiza,.... Paz.

3. Construcción da convivencia positiva nos contornos próximos (Familia, escola, barrio,...)

- Relacionados coa xestión de conflitos: estratexias para a análise e xestión dos conflitos.
- Antbullying.

4. Promoción da convivencia en contornos globais:

- Análise crítico do modelo de desenvolvemento mundial.
- Enfoque intercultural.
- Conflitos globais.
- Paz positiva/paz negativa.

Actividades de integración, participación e acollida

- Acollida ao alumnado de E. I. de tres anos de forma gradual.
- Acollida do profesorado novo no Centro ensinándolle todas as súas dependencias
- Plan de apertura ao Centro: comedor e actividades Extraescolares.

Elaboración de Normas de clase e centro

- Traballar na aula as normas de clase e centro durante o mes de Setembro.
- Traballar a Intelixencia emocional (Programa para el desarrollo de la inteligencia emocional: EOS. Sentir y pensar: S.M. Cuadernos de Saúde na escola: CONSELLERÍA DE SANIDADE, EDUCACIÓN E SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.)

Relacións Familia-Centro

- Reunión de **familias** por cursos e titorías.
- Entrevistas.
- Información das Normas de Convivencia.

Actividades de Sensibilización igualdade homes-mulleres

- Realización de actividades con equipos mixtos, coa colaboración do Concello co programa “Camiña con nós pola igualdade”.

Organización da vixilancia

- Vixiar os patios no horario de recreo.
- Vixiar a saída do Centro e a baixada das aulas nas horas de patio e saída.

11.2 Actuacións conxuntas

A liña metodolóxica na acción titorial fundamentarase no establecido nas NOF e PAT, así como nas seguintes técnicas e estratexias:

- Entrevistas periódicas *coas familias*, o propio alumnado, especialistas e profesorado con apoio educativo, outro profesorado que atendan ao grupo, Equipos de Apolo Externo, e profesionais doutras institucións que poidan incidir no alumnado a nivel xeral ou individual, tales como Centro de Saúde, Servizos sociais, Plan Comunitario.
- Observación sistemática do alumnado.
- Estudio e valoración das fichas de seguimento.
- Aplicación de cuestionarios.
- Sociogramas e técnicas de dinámica de grupos.
- Estudio e análise de casos concretos.
- Resolución de problemas individuais ou grupais

12. DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR.

12.1. Criterios de identificación do acoso escolar

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os criterios son:

- ✓ A existencia de intención de facer dano. Debe existir unha vítima (ou varias) concreta, indefensa e unha persoa (ou varias) agresora que lle fai dano conscientemente.
- ✓ A repetición das condutas agresivas. A agresión crea na vítima (ou vítimas) a expectativa de poder ser branco de ataques novamente. Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo. É un tipo de violencia difícil de identificar, isto é debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, pero o alumnado si ten coñecemento dos sucesos.
- ✓ A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima (ou vítimas) e a persoa agresora ou persoas agresoras. Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima (ou vítimas). Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación

12.2 Tipos de acoso escolar

Para poder identificar unha situación de acoso, é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias.

Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto verbal –a través de insultos, alcumes, desprestixio...– coma físico contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos... e, por último, situacións de illamento.

12.3 Tratamento

- Intervención de urxencia.
- Reunión do equipo directivo, titor/a e persoal de Orientador para analizar e valorar o caso.
- Adoptar medidas provisionais.
- Entrevista do equipo orientador coa familia para informar das medidas levadas a cabo.
- Proceso de actuación.
- Completar o informe.

Tendo en conta que o Protocolo de Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso está a disposición de todo o profesorado no centro e pódese consultar se é preciso, non afondaremos máis neste punto (Anexo 7).

13. NECESIDADES DE FORMACIÓN

Incluíranse accións formativas dirixidas ao profesorado para mellorar nos ámbitos seguintes:

- Educación para a cultura da paz.
- Mellora das prácticas educativas en relación coa convivencia escolar.
- Igualdade entre homes e mulleres.

O Centro fomentará a participación de profesores, profesoras, pais, nais, equipo de orientación e equipo directivo nas accións formativas que desenvolva a Consellería de Educación e o Plan director para a convivencia e a mellora da seguridade escolar.

14- ESTRATEXIAS E PROCEDEMENTOS PARA A DIFUSIÓN E SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

14.1 DIFUSIÓN E SEGUIMENTO

Aquí tratase de valorar e mellorar as accións proxectadas para que sexan accesibles, aplicables e eficaces e, de ser o caso, propoñer novas accións

Ao Plan de convivencia daráselle difusión no Centro, usando para iso contamos coas titorías co alumnado, as reunións cos pais, reunións de Claustro e Consello Escolar; así mesmo se solicitará colaboración do ANPA para a difusión do Plan de convivencia dentro do ámbito de actuación.

A Comisión de Convivencia terá a tarefa de facer un seguimento periódico e sistemático deste e, xa que na súa composición están representados todos os sectores da comunidade educativa, serán os seus membros os encargados de recoller a información de cada un dos seus estamentos para a súa análise, valoración e propostas de realizar os axustes necesarios de xeito inmediato

O Consello Escolar será informado e propondrá as medidas oportunas ou melloras ao Plan de Convivencia.

14.2 AVALIACIÓN (Anexo 6)

Para a avaliación do plan de convivencia tómanse como referentes as accións marcadas. Nesta avaliación teremos en conta as diferentes fontes de información (documentos, rexistro informes, recursos materiais e humanos...), os instrumentos necesarios para que faciliten a súa sistematización.

A avaliación debe ser continua e procesual por norma xeral. A comisión de convivencia fará unha avaliación trimestral do plan, e ao final do curso elaborará unha memoria anual deste.

15- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE AS CONDUCTAS DISRUPTIVAS E RECOLLIDA DE INCIDENCIAS (ANEXOS 1,2,3,4)

O Centro fará constar as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que se produciran e as medidas disciplinarias impostas no sistema de xestión de centros educativos. O Xefe de Estudos/Director será o responsable de realizar os informes para dalos a coñecer ao Consello Escolar.

Os documentos para o procedemento de recollida das incidencias son os seguintes:

- Rexistro de incidencias.
- Carta do xefe de estudos/director de citación a pais/nais.
- Comunicación oral o por escrito a pais/nais da corrección imposta ao fillo/a según sexa por falta leve ou grave cometida.

No caso de Acoso Escolar e Ciberacoso levarase a cabo o protocolo según as *instrucións do 17 de xuño de 2013 e o Protocolo Xeral do Acoso escolar e Ciberacoso da Xunta de Galicia.*

ANEXO 1

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE AS CONDUCTAS DISRUPTIVAS

Conductas leves: tacos, frases malsoantes, blasfemias, interromper na aula, non traer o material preciso, insultos, alcumes, agresións verbais, negativa de realizar algunha tarefa, molestar ou entorpecer a marcha da clase, deterioro do material ou instalacións do centro...

- 1) **Chamada de atención:** 2 veces máximo.
- 2) Poñerlle o **pupitre na porta ou nun lugar distanciado** dos demais alumnos/as
- 3) Cumprimentación do **parte de comunicación de incidencias do profesor/a e alumno/a**. (anexo 2-3)
- 4) De persistir na mesma conducta, permanencia (durante o tempo da sesión) co **profesor/a de garda** facendo algunha tarefa escolar. Asemade, **permanencia no tempo de recreo** coa finalidade de falar sobre a incidencia.
- 5) Comunicación oficial á **dirección** do centro.
- 6) **Notificación oficial ás familias**. Ás tres notificacións levarase a cabo unha **reunión coas mesmas**.

Conductas graves: Indisciplina, inxuria, ofensas graves, agresións físicas, psíquica ou moral, tratos vexatorios, bromas humillantes, discriminacións, desafío a autoridade, gravación, acoso escolar, suplantación de personalidade, danos materiais ou instalacións, reiteración de conductas leves.
Comunicación oficial á dirección do centro

Ver apartado de correccións CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO na NOF e Normas de Convivencia.

Anexo 2

PARTE DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS DO
PROFESORADO

1. DATOS DO PROFESORIA

Nome apellidos:

Materia que imparte:

Curso:

Hora:

Data:

2. DATOS DO ALUMNOIA IMPLICADO.

Nome e apelidos:

Curso:

Titor/a:

3. BREVE DESCRICION DOS FEITOS

4. ESTE INCIDENTE XA SE PRODUCIRÁ CON ANTERIORIDADE?

SI

NON

5. TIPIFICACIÓN DA CONDUTA:

Tipo de disrupción: LEVE

GRAVE

6. MEDIDAS ADOPTADAS:

Vigo, a de do 201....

Asdo.

Anexo 3

PARTE DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS DO ALUMNADO

1. DATOS DO ALUMNOIA

Nome e apelidos:

Curso:

Titor/a:

2. DESCRICION DOS FEITOS:

Estou dacordo coa descrición dos feitos realizada polo profesor/a: Si Non

Considero que debo dar a miña propia descrición dos feitos:

3. SOBRE AS MEDIDAS ADOPTADAS.

Estou dacordo coas medidas adoptadas polo profesor/a:

SI NON

Estou en desacordo polas seguintes razóns:

E propoño as seguintes medidas:

CEIP PARAIXAL, a dedo 201

Asdo.

ANEXO 6

INFORME DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

CRITERIO	PUNTUACION (0-10)	OBSERVACIÓNS
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior moi negativa: 0 moi positiva:10		
Alcance do plan de convivencia Non hai plan: 0 alcance moi amplo:10		
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia Non se cumpriu ningún: 0 cumpríronse todos:10		
Renovación do plan de convivencia Non se renova:0 renóvase anualmente:10		
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia Non se desenvolveu ningunha:0 Desenvolvéronse todas:10		
Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa Non hai implicación: 0 Implicación total:10		
Funcionamento da comisión de convivencia do centro Moi deficitario:0 Excelente:10		
Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia Non existiu coordinación:0 A coordinación foi moi alta:10		
Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia Non existen:0 fixéronse gran número:10		
Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas responsables acaecidas fóra das aulas, en función das características específicas Non existen:0 Existen e aplícanse con eficacia:10		
Existencia e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso Non existen:0 Existen e aplícanse con eficacia:10		
Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos Non existen:0 Existen e aplícanse con eficacia:10		
Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión así como a mellora da convivencia a través do éxito académico Non existen:0 Existen e aplícanse con eficacia:10		
Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá Non existe:0 Existe e é moi eficaz:10		
Valoración global da situación da convivencia escolar no centro Moi negativa:0 moi positiva:10		
PUNTUACIÓN TOTAL		

ANEXO 7

ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

Protocolo Xeral de Prevención, detección e tratamento do ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO (Xunta de Galicia):

Instrucións de 17 de xuño de 2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e innovación Educativa: “Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso nos centros docentes”

I. INTRODUCCIÓN

II. IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR

- a) Criterios de identificación do acoso escolar
- b) Tipos de acoso escolar
- c) Consecuencias do acoso escolar

III. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación

- a) Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (anexo I)
- b) Medidas urxentes de protección á presunta vítima
- c) Designación dunha persoa responsable da atención e apoio a presunta vítima (anexo II)
- d) Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexo III e IV)
- e) Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (anexo V)
- f) Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (anexo VI)

Segunda fase. Recollida de información. Rexistro (anexo VII)

- a) Entrevista individual á vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista (anexo VIII)
- b) Entrevista individual á/s persoa/s responsable/s do acoso. Citación do alumnado acosador a unha entrevista (anexo IX)
- c) Entrevista individual as persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista (anexo X)
- d) Entrevista individual ás familias; Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s (anexo XI e XII)
- e) Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (anexo XIII) 3
- f) Solicitude de asesoramento a outros organismos, especialmente no caso de ciberacoso (anexo XIV)

Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas

- a) Análise da información (anexo XV)
- b) Adopción de medidas (anexo XVI)
 1. Medidas de protección á vítima
 2. Medidas reeducadoras e corretoras para a persoa ou persoas agresora/s
 - Medidas reeducadoras para a persoa ou persoas agresora/s
 - Medidas correctoras para a persoa ou persoas agresora/s

(anexos XVII e XVIII)

3. Outras medidas

4. Comunicación á Inspección Educativa (anexo XIX)

Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas. Rexistro (anexo XX)

IV. ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN

- a) Estratexias organizativas e de prevención no centro
- b) Estratexias de prevención na aula

V. O CIBERACOSO

- a) Definición de ciberacoso
- b) Criterios de identificación do ciberacoso
- c) Tipos de ciberacoso
- d) Protocolo de actuación
- e) Estratexias preventivas

VI. A RESPONSABILIDADE DO CENTRO. ASPECTOS XURIDICOS

- a) Responsabilidade do centro (anexos XXI e XXII)
- b) Particularidades xurídicas do ciberacoso

INFORMACIÓN DE INTERESE

ANEXOS protocolo:

- Anexo cero. Esquema gráfico do Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar
- Anexo I. Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar
- Anexo II. Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima
- Anexo III. Primeira comunicación á familia da presunta vítima
- Anexo IV. Primeira comunicación á familia da persoa ou persoas presuntamente acosadora/s
- Anexo V. Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (diligencias previas e instrutora do expediente disciplinario sobre acoso escolar)
- Anexo VI. Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos
- Anexo VII. Recollida inicial de información
- Anexo VIII. Comunicación e cuestionario de entrevista á persoa acosada/vítima
- Anexo IX. Comunicación e cuestionario de entrevista individual á persoa ou persoas acosadora/s
- Anexo X. Comunicación e cuestionario de entrevista individual as persoas observadores ou espectadores
- Anexo XI. Comunicación e cuestionario de entrevista a' familia da vítima
- Anexo XII. Comunicación e cuestionario de entrevista á familia ou familias da persoa ou persoas agresora/s
- Anexo XIII. Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro

- Anexo XIV. Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico a outros organismos (especialmente en situacións de ciberacoso)
- Anexo XV. Rexistro da análise da información
- Anexo XVI. Proposta de medidas que se van adoptar
- Anexo XVII. Esquema de tramitación do expediente disciplinario (tramitación e prazos)
- Anexo XVIII. Modelos para o procedemento e proposta de resolución do expediente disciplinario (conciliado e común)
- Anexo XIX. Comunicación á Inspección Educativa
- Anexo XX. Rexistro do seguimento e avaliación das medidas adoptadas
- Anexo XXI. Denuncia a Servizos Sociais
- Anexo XXII. Denuncia á Fiscalía de Menores

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 23 de maio de 2017

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 29 de maio de 2017